



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TEO

Aprobación definitiva modificación ordenanza

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas

Elevado a definitivo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 5 de decembro de 2011, polo que se aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas, por non se ter presentado reclamacións dentro do período de exposición pública, procédese á súa publicación de conformidade co establecido no artigo 17, apartados 3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

“Primeiro.- Aprobación da modificación do cadro de tarifas contido no apartado “A) SERVICIO “TEO MADRUGA”” do “ARTIGO 4.-CONTÍA.” da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas do Concello de Teo, quedando o mesmo redactado do seguinte xeito:

1. Usuarios fixos.		
a) Con utilización do servizo todos os días:		
Con servizo de gardería:		30 €/mes 1º irmán/irmá 25 €/mes 2º irmán/irmá 20 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
Con servizo de gardería e almorzo		40 €/mes 1º irmán/irmá 35 €/mes 2º irmán/irmá 30 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
b) Con utilización do servizo por días soltos:		
1 día á semana:		
Servizo de gardería:		8 €/mes
Servizo de gardería e almorzo:		10 €/mes
2 días á semana:		
Servizo de gardería:		16 €/mes
Servizo de gardería e almorzo:		20 €/mes
3 días á semana:		
Servizo de gardería:		24 €/mes 1º irmán/irmá 20 €/mes 2º irmán/irmá 15 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
Servizo de gardería e almorzo:		30 €/mes 1º irmán/irmá 25 €/mes 2º irmán/irmá 20 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
4 días á semana:		
Servizo de gardería:		30 €/mes 1º irmán/irmá 25 €/mes 2º irmán/irmá 20 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
Servizo de gardería e almorzo:		40 €/mes 1º irmán/irmá 35 €/mes 2º irmán/irmá 30 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
5 días á semana:		
Servizo de gardería:		30 €/mes 1º irmán/irmá 25 €/mes 2º irmán/irmá 20 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
Servizo de gardería e almorzo:		40 €/mes 1º irmán/irmá 35 €/mes 2º irmán/irmá 30 €/mes 3º e seguintes irmáns/irmás
2. Usuarios ocasionais:		
Con servizo de gardería:		2 €/día
Con servizo de gardería e almorzo		2,5 €/día

Segundo.- Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas do Concello de Teo, engadindo un “ARTIGO 8.-BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.”, coa seguinte redacción:

“ARTIGO 8.-BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.

O prezo público do servizo, no caso de que un neno ou nena teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 % recoñecida polo órgano competente, será asimilada á prevista para o caso da existencia de outro irmán ou outra irmá. No caso de ser dous irmáns ou irmás, e un deles ter unha discapacidade, igual ou superior ao 33 % recoñecida polo órgano competente, aplicaráselle a este ou esta o prezo público previsto para un terceiro ou terceira irmán ou irmá.

Estarán exentos do pago deste prezo público aqueles rapaces e rapazas que o departamento de servizos sociais estime necesario. Este extremo xustificárase mediante un Informe Social no que se recolla a situación socio familiar e económica, e o beneficio da asistencia a este servizo.”

Terceiro.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal e nun xornal dos de maior difusión da provincia.

Cuarto.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.”

Contra este acordo os interesados poden interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción, de conformidade co artigo 19 do TRLRFL. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro que estimen procedente.

Teo, 13 de febreiro de 2012

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

2012/1871